

Resolución do vicerreitor de Títulos e Internacionalización de 24 de outubro de 2025, pola que se aproban as bases reguladoras do nomeamento e recoñecemento das persoas coordinadoras das titulacións oficiais de grao e mestrado da Universidade da Coruña e se procede á súa convocatoria para o curso académico 2025/2026

Preámbulo	1
1. Obxecto	2
2. Ámbito de aplicación	2
3. Recoñecemento das funcións de coordinación	2
4. Criterios	3
4.1. Estabilidade da titulación	3
4.2. Internacionalización	4
4.3. Calidade	4
4.4. Cooperación institucional	5
4.5. Dixitalización e deseños curriculares innovadores	5
5. Recoñecemento por dimensión excepcional da titulación	6
6. Procedemento, resolución e nomeamentos	6
7. Limitacións orzamentarias	6
8. Outras disposicións	7

Preámbulo

A coordinación académica das titulacións oficiais constitúe unha peza clave no funcionamento do sistema universitario, ao garantir a coherencia interna dos títulos, a calidade da súa organización docente, o seguimento dos procedementos de mellora continua e a comunicación fluída entre os distintos axentes implicados na súa xestión. A Universidade da Coruña ten consolidado un modelo propio de coordinación que se viu reforzado pola aprobación dunha normativa específica que regula de forma sistemática e transparente o nomeamento, as funcións, a duración e o recoñecemento destas figuras.

Neste contexto, e co obxectivo de lle dar continuidade á planificación académica e reforzar o compromiso institucional coa calidade da oferta formativa, procede realizar unha nova convocatoria para designar as persoas responsables da coordinación das titulacións de grao e mestrado para o período 2025-2026.

Esta resolución apróbase ao abeiro do Acordo do Consello de Goberno da Universidade da Coruña, do 30 de setembro de 2025, polo que se aproba a Normativa que regula as figuras de coordinación académica das titulacións oficiais de grao e

mestrado da UDC, cuxo artigo 4.2 faculta a vicerreitoría con competencias en materia de titulacións para establecer un procedemento específico de nomeamento das persoas coordinadoras de titulacións. Así mesmo, esta resolución desenvolve o previsto nos artigos 13.2 a 13.4 da dita normativa, que regulan o posible recoñecemento das funcións de coordinación mediante incentivos académicos ou compensacións económicas, en función do grao de cumprimento dos criterios establecidos pola propia convocatoria.

Ademais, esta resolución establece un marco actualizado de criterios para o recoñecemento da actividade de coordinación, tanto en titulacións de grao como de mestrado, que substitúe para todos os efectos o documento *Bases para a mellora e internacionalización da oferta académica dos mestrados da Universidade da Coruña*, aprobado polo Consello de Goberno da UDC o 21 de marzo de 2013. Os novos criterios serven de base para asignar as medidas de recoñecemento previstas na normativa vixente e organízanse arredor de obxectivos vinculados á estabilidade, calidade, cooperación institucional, internacionalización, dixitalización e deseños curriculares.

1. Obxecto

O obxecto desta resolución é regular o procedemento de nomeamento das persoas responsables da coordinación académica das titulacións oficiais de grao e mestrado impartidas na Universidade da Coruña para o curso 2025/26, así como establecer o os criterios que servirán de base para recoñecer esta función mediante compensacións económicas, de acordo coa normativa vixente.

2. Ámbito de aplicación

Esta resolución é de aplicación ás titulacións oficiais de grao e mestrado universitario impartidas na Universidade da Coruña no curso académico 2025/26, tanto de forma exclusiva como en colaboración con outras universidades no marco de títulos conxuntos en que a UDC exerza funcións de coordinación ou participación.

3. Recoñecemento das funcións de coordinación

3.1. Sen prexuízo do recoñecemento institucional previsto no capítulo IV da Normativa que regula as figuras de coordinación académica das titulacións oficiais de grao e mestrado da UDC, procederá a concesión dun recoñecemento económico vinculado á coordinación de titulacións cando se acredite o cumprimento de obxectivos estratéxicos da UDC relacionados coa estabilidade, a calidade, a cooperación institucional, a internacionalización ou a dixitalización e os deseños curriculares innovadores do título.

Aplicarase un único recoñecemento por titulación e persoa coordinadora, consistente nunha compensación económica equivalente á asignada ás secretarías de instituto universitario.

3.2. A efectos de determinar a procedencia do recoñecemento, a vicerreitoría con competencias en materia de titulacións, a partir dos datos dispoñibles ao remate do curso académico 2024/25, avaliará o grao de cumprimento nas titulacións oficiais de grao e mestrado universitario da UDC dos obxectivos estratéxicos da universidade tomando en consideración referidos aos tres últimos cursos académicos (2022/23, 2023/24 e 2024/25) e os criterios que se sinalan na base 4 desta resolución.

4. Criterios

Para obter o recoñecemento haberá que cumprir o criterio de estabilidade da titulación (4.1) e un, polo menos, dos restantes criterios (4.2 a 4.5).

4.1. Estabilidade da titulación

- Obxectivo:

Garantir a continuidade e viabilidade das titulacións da UDC mediante unha matrícula sostida e suficiente ao longo do tempo, que permita manter unha planificación docente e académica estable, de acordo cos límites que establezca a Universidade e a normativa vixente.

- Requisito:

Para cumprir este criterio, a titulación deberá acadar os niveis mínimos de matrícula media de estudantes de novo ingreso durante os cursos académicos 2022/23, 2023/24 e 2024/25, segundo o seguinte:

Titulacións non conxuntas:

- Matrícula media de novo ingreso igual ou superior ao 95% do valor mínimo establecido no Decreto 222/2011 (20 estudantes para mestrados, 45 estudantes no caso de graos impartidos en centros do Campus de Ferrol e 50 estudantes para o resto de graos).
- Ademais, deberá acadarse unha taxa media de ocupación en primeira matrícula¹ igual ou superior ao 90%.

Titulacións conxuntas en que a UDC exerce a coordinación:

- A titulación deberá acadar unha taxa media de ocupación en primeira matrícula na UDC igual ou superior ao 80%.

Titulacións conxuntas nas que a UDC non exerce a coordinación:

- A titulación deberá acadar unha taxa media de ocupación en primeira matrícula na UDC igual ou superior ao 95%.

- Corrección aplicable ao criterio de estabilidade:

¹ A taxa media de ocupación en primeira matrícula calcúlase como a porcentaxe de prazas cubertas por estudantes de novo ingreso en relación coas prazas ofertadas no primeiro curso.

De forma excepcional, poderase admitir, sempre que as limitacións orzamentarias o permitan, o cumprimento do criterio de estabilidade para aquelas titulacións que contén cunha matrícula media de novo ingreso na UDC igual ou superior a 70 estudantes no caso de graos (63 no caso de graos do campus de Ferrol), ou 34 no caso de mestrados, o que representa un incremento do 40 % (graos) e 75 % (mestrados) respecto aos valores mínimos establecidos no Decreto 222/2011.

4.2. Internacionalización

- Obxectivo:

Fomentar a internacionalización das titulacións da UDC mediante a implantación de programas con dimensión internacional ou en colaboración con universidades estranxeiras, para reforzar o carácter internacional da oferta formativa e a súa capacidade de atracción.

- Requisito:

Considerarase atinxido este criterio cando a titulación cumpra, no momento da avaliación, polo menos un dos seguintes requisitos:

- Ser un título Erasmus Mundus ou un título conxunto con universidades estranxeiras.
- Formar parte dun programa de dobre ou múltiple titulación internacional, segundo a normativa vixente da UDC.
- Ser unha titulación bilingüe, con matrícula media igual ou superior a 5 estudantes nas materias impartidas en inglés, calculada sobre os cursos de referencia.
- Dispoñer dunha oferta de materias en inglés superior ao 25 % da carga lectiva total da titulación, cunha matrícula media igual ou superior a 5 estudantes nestas materias nos cursos de referencia

4.3. Calidade

- Obxectivo:

Recoñecer as titulacións que amosan un compromiso sostido coa calidade, tanto a través da obtención de recoñecementos externos como da súa implicación nos procesos internos de avaliación institucional, que favorezan a transparencia, a mellora continua e a confianza na oferta formativa da UDC.

- Requisito:

Considerarase atinxido este criterio cando a titulación cumpra, no momento da avaliación, polo menos un dos seguintes requisitos:

- Posuír un selo europeo de calidade, outorgado por unha axencia recoñecida oficialmente.

- Contar cunha Mención de Excelencia da Secretaría Xeral de Universidades (SXU).
- Acadar unha taxa media de participación nas enquisas de avaliación docente por parte do alumnado da UDC igual ou superior ao 40%, calculada para os cursos académicos 2022/23, 2023/24 e 2024/25.

4.4. Cooperación institucional

- Obxectivo:

Recoñecer as titulacións que desenvolven formas estables de cooperación interuniversitaria ou institucional, en particular aquelas coordinadas pola UDC que acadaron unha alta ocupación, así como as que incorporan unha Mención Dual, pola súa contribución á formación práctica e á inserción laboral do estudiantado.

- Requisito:

Considerarase atinxido este criterio cando a titulación cumpra, no momento da avaliación, polo menos un dos seguintes requisitos:

- Ser un título conxunto con outra universidade, nacional ou internacional, en que a UDC exerza a coordinación, con presenza efectiva de alumnado nos cursos de referencia. A titulación deberá acadar unha taxa de ocupación en primeira matrícula igual ou superior ao 100 % na oferta específica da UDC.
- Formar parte dun programa de dobre ou múltiple titulación nacional, segundo a normativa vixente da UDC.
- Contar cunha Mención Dual oficialmente recoñecida e implantada na titulación.

4.5. Dixitalización e deseños curriculares innovadores

- Obxectivo:

Recoñecer as titulacións que impulsan o uso de tecnoloxías educativas e metodoloxías activas na docencia e na xestión académica, así como aquelas que desenvolven deseños curriculares innovadores e flexibles, co obxectivo de favorecer unha aprendizaxe máis personalizada, adaptada aos retos actuais do ensino superior.

- Requisito:

Considerarase atinxido este criterio cando a titulación cumpra, no momento da avaliación, polo menos un dos seguintes requisitos:

- Contar cunha modalidade de impartición híbrida e/ou virtual formalmente recollida na memoria de verificación do título.
- Incorporar estruturas curriculares específicas definidas na normativa vixente:
 - Programas de ensino de graos con itinerario académico aberto.

- Programas de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico
- Programas académicos con percorridos sucesivos

5. Recoñecemento por dimensión excepcional da titulación

Co fin de recoñecer a dimensión excepcional dalgunhas titulacións que superan en máis dun 100 % os límites mínimos de referencia establecidos no Decreto 222/2011, atendendo á súa elevada matrícula sostida nos cursos de referencia, poderáselle conceder directamente unha compensación económica equivalente á asignada ás secretarías de instituto universitario ás persoas coordinadoras de titulacións que contén cunha matrícula media de estudantes de novo ingreso igual ou superior a 40 estudantes, no caso dos mestrados; 90 estudantes, no caso de graos impartidos en centros do campus de Ferrol; e 100 estudantes, no caso do resto de graos

Esta compensación aplicarase con independencia do número de criterios que se cumpran, e non será acumulable a outros recoñecementos.

6. Procedemento, resolución e nomeamentos

6.1. O centro responsable de cada titulación na UDC deberá propoñer a persoa coordinadora a través dun formulario en liña, para o cal a vicerreitoría con competencias en materia de titulacións facilitará a ligazón. O formulario deberase cubrir e enviar ata o 7 de novembro de 2025, xunto coa certificación da aprobación da proposta pola Xunta de Centro correspondente.

A vicerreitoría con competencias en materia de titulacións poderá requirir documentación adicional ou aclaracións ao centro.

6.2. Unha vez valoradas as propostas, publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial a resolución provisional da convocatoria, e abrirase un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións.

6.3. Logo de que transcorra o prazo e se resolvan as alegacións, de ser o caso, a vicerreitoría con competencias en materia de titulacións ditará a resolución definitiva e ordenará a súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial. Esta resolución esgota a vía administrativa.

6.4. O nomeamento das persoas coordinadoras realizarase por resolución reitoral e terá efectos desde o 1 de outubro de 2025 ata o 30 de setembro de 2026.

7. Limitacións orzamentarias

A concesión das compensacións económicas estará, en todo caso, condicionada á dispoñibilidade orzamentaria e non poderá supoñer incremento da masa salarial.

8. Outras disposicións

A presentación da proposta polo centro implica a aceptación expresa das bases recollidas nesta resolución.

Calquera dúbida ou cuestión relativa á interpretación das bases será resolta pola vicerreitoría con competencias en materia de titulacións, que poderá solicitar documentación adicional ou aclaracións cando así o considere necesario.

Os aspectos que non estean previstos nesta resolución rexeranse polo disposto na Normativa que regula as figuras de coordinación académica das titulacións oficiais de grao e mestrado da UDC e pola restante normativa xeral que resulte de aplicación.

A Coruña, na data da sinatura dixital

O vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

Moisés Canle López